

Segundo.-Optar, para a execución do citado proxecto, polo procedemento de taxación conxunta.

Terceiro.-Somete-lo citado proxecto ó trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción dos correspondentes anuncios en prensa e diarios oficiais, así como remitir notificacións persoais ós que neste momento aparecen como interesados, para que durante o dito prazo poidan consulta-lo proxecto de expropiación nas dependencias municipais, de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas, e presentar cantas alegacións coiden convenientes, en particular no que se refire á titularidade e valoración dos seus respectivos dereitos.

Cuarto.-Os mencionados edictos servirán de notificación nos termos do artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para todos aqueles propietarios e interesados directamente afectados que, por resultaren descoñecidos ou ignorándose o seu enderezo, non poidan ser notificados personalmente no trámite de información pública.

Coirós, 12 de setembro de 2003.

Francisco Quintela Requeijo
Alcalde

ANEXO

Relación de propietarios e bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución do parque empresarial de Coirós

Póligono-Parcela	Propietario-Enderezo	Mención	Superficie (m ²)
13 19	Carmen Pérez Vázquez Santa María de Ois, 15316 Coirós	Total	2.388
13 20	Manuela Virites Colpe Castrillón 6, Sta. M ^a de Ois, 15316 Coirós	Total	5.901
13 25	Isolina Martínez Piñeiro Castrillón 13, Sta. M ^a de Ois, 15316 Coirós	Total	9.283
13 27	Hdros. de Antonio Álvarez Fandiño Descoñecido	Total	6.264
13 29	Dolores López Sánchez R/ S. Andrés 123-5º, A Coruña	Total	8.820
13 38	Antonio Martínez Rivera e outro Santiago de Ois 12, 15316 Coirós	Total	1.380
13 74	Carmen Gayoso Deibe R/ Carballo Calero 14-16, 1º esq., Narón	Total	2.876
12 262	María Martínez Anido Santa María de Ois 15, 15316 Coirós	Total	85
12 379	Manuel Riveiro Lage R/ Xustiza 14, A Coruña	Total	72

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (PPA 1/2002).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 7 de xullo de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Resolve-las alegacións formuladas por Saturnino Vázquez Morano, presidente da comunidade de propietarios do polígono de Pocomaco, Ángel

Freire Rodríguez, xefe de Patrimonio de Galicia da Rede Nacional dos Ferrocarrís Españóis (Renfe) e Manuel Meizoso Vázquez, administrador único da sociedade *Pocomaco Servicios, S.A.*, no sentido do informado polos técnicos municipais, remitíndolle-la integridade do informe municipal contestatorio das súas alegacións, así como este acordo e recoñecerlle-la súa condición de interesados no expediente administrativo.

Segundo.-Aprobar definitivamente o Plan parcial do sector de solo urbanizable S-4 Vío, promovido polo concello e formulado por *Promotora de Vivendas Urbanas, S.L.* na súa condición de adxudicataria do concurso para o desenvolvemento das actividades e traballos urbanísticos necesarios para a completa urbanización e posta en funcionamento dun dos polígonos no que se dividirá o sector de solo urbanizable Vío, condicionado á presentación dun segundo texto refundido, no prazo máximo dun mes, no que se cumpran as seguintes observacións:

a) Na vía 2 do polígono contemplárase a execución de dous carrís de circulación por sentido de 3,50 metros cada un e unha mediana de 1 metro para enlazar axeitadamente co sistema xeral viario VG-S4.02.

b) Haberáse de indica-lo punto de entroncamento máis axeitado para as redes de augas residuais e pluviais, contemplando as vías públicas peonís a recollida de augas pluviais.

c) Canalizaranse subteraneamente polas novas vías públicas as liñas eléctricas de alta tensión que cruzan aereamente o ámbito do plan parcial; así mesmo, tódolos centros de transformación serán subterráneos.

d) Con respecto á rede de telecomunicacións contemplárase unha canalización única por onde descorrerán os distintos operadores adaptándose ós criterios municipais, en canto ó tipo e número de tubos, arquetas de paso e conexións coas I.C.T.

e) Incluírse na memoria do plan parcial a ordeanza estética de cerramentos.

f) Preverase a rede de saneamento na vía 10 do polígono.

g) A canalización que verte libremente ó espazo libre Z1-EL3 conectarase coa rede de pluviais, e todo iso coa acometida á rede xeral.

h) Farase constar expresamente na memoria que en canto ó réxime de autorizacións para pasos baixo as vías de ferrocarril e para a edificación na zona de afección do dominio público ferroviario estarase ó disposto na Lei de ordenación de transportes terrestres e o seu regulamento.

A eficacia da aprobación definitiva do plan parcial condiciónase á efectiva emenda das devanditas observacións no prazo indicado.

Terceiro.-Publica-lo presente acordo, no prazo máximo dun mes, no *Diario Oficial de Galicia*, así como a normativa do plan parcial no BOP.



Cuarto.-Dilixencia-lo documento de plan parcial na súa integridade, facendo constar que a súa aprobación definitiva está condicionada á emenda de observacións por *Promotora de Vivendas Urbanas, S.L.*

Quinto.-Notifica-lo presente acordo a tódolos propietarios afectados, facéndolles constar que dispoñerán do prazo dun mes, desde que reciban a notificación, para interpor recurso de reposición na vía administrativa e de dous para interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sexto.-Unha vez presentado o segundo texto refundido, emitido informe favorable polo enxeñeiro de camiños municipal e o arquitecto municipal e dilixenciado na súa integridade polo secretario municipal, remitirlle unha copia completa do expediente administrativo, así como dos exemplares do documento, ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, co obxecto de cumprir co indicado no artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra este, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o dictou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que considere pertinente.

O que se publica para xeral coñecemento e para produci-los efectos previstos neste acordo.

A Coruña, 11 de xullo de 2003.

O alcalde
P.D.
José Luis Méndez Romeu

Anuncio MPG 1/01 (IV).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 7 de xullo de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar definitivamente a modificación puntual ó Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado denominado Travesía de San Antonio (código identificativo POL-H2.01), redactada por técnicos municipais.

Segundo.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP, publicándose, así mesmo, neste boletín o documento que conteña a ficha do polígono.

Terceiro.-Comunica-la aprobación ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dándolle traslado dunha copia autenticada do expediente administrativo e de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, todo iso para facer efectivo o previsto no artigo 48 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia.

Cuarto.-Dilixencia-lo documento definitivamente aprobado na súa integridade. Este acordo pon fin a vía administrativa, podendo interpor contra o mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o dictou, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que se estime pertinente.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 9 de setembro de 2003.

José Luis Méndez Romeu
Concelleiro delegado de Urbanismo

Anuncio (PES 4/02).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 7 de xullo de 2003, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Resolve-la alegación formulada por Saturnino Vázquez Morano, presidente da comunidade de propietarios do polígono de Pocomaco, no sentido do informado polos técnicos municipais, remitíndolle a integridade do informe municipal contestatorio da súa alegación, así como o presente acordo e recoñecerlle a súa condición de interesado no expediente administrativo.

Segundo.-Aprobar definitivamente o plan especial relativo ó sistema xeral de viario VX-S4.02, promovido polo concello e formulado por *Promotora de Vivendas Urbanas, S.L.*, na súa condición de adxudicataria do concurso para o desenvolvemento das actividades e traballos urbanísticos necesarios para completa-la urbanización e posta en funcionamento dun dos dous polígonos no que se dividirá o sector de solo urbanizable «Vío», condicionado á presentación, no prazo máximo dun mes desde que se adop-